

A N U N C I O

A Corporación Municipal en sesión celebrada o 16 de setembro de 2014 e respecto da Ordenanza reguladora da taxa por entrada de vehículos a través de beirarrúas e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercaderías da calquera clase, adoptou, entre outros os seguintes acordos :

– Entender subsistente na publicación efectuada no BOP de 29/11/2013 polo acordo plenario adoptado, as bonificacións e exencións das tarifas que supoñen unha redución das mesmas que figuraban no cadro tarifario publicado no BOP 27/12/2007 (tarifas vixentes entre o exercicio 2008 e 2012) e BOP 1/2/2013, aplicándose as mesmas na Ordenanza Fiscal reguladora vixente.

– Advertido erro material no anexo do anuncio publicado no BOP nº 230 de data 29-11-13, se procede a súa rectificación, no senso de que o actual epígrafe terceiro do anexo de tarifas da páxina 34, queda da seguinte forma:

**Onde di:* “En establecementos comerciais, industriais ou de servizos para uso exclusivo do seu persoal ou clientes por praza, cunha cuota mínima de 500 eu/ano...”

**Debe decir:* “En establecementos comerciais, industriais ou de servizos para uso exclusivo do seu persoal ou clientes por praza, cunha cuota mínima de 50 eu/ano...”

Publícase a continuación o anexo de tarifas reflexando as dúas cuestións sinaladas nos parágrafos anteriores, quedando da seguinte maneira para o período de devengo 1 de xaneiro de 2014 a 31 de decembro de 2014:

**ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRÁVÉS DE BEIRARRÚAS E RESERVAS DA VÍA PÚBLICA
PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADERÍAS DE CALQUERA CLASE
ANEXO – TARIFAS**

CONCEPTO ACTUALIZADO	PREZO (EUROS)
ENTRADA DE VEHÍCULOS EN LOCAIS CON RESERVA DE VÍA PÚBLICA E PROHIBICIÓN DE ESTACIONAMENTO	
• En vivendas unifamiliares	45,68
• En Garaxes colectivos, por praza, cunha cota mínima de 100 eu/ano	11,17
• En establecementos comerciais, industriais ou de servizos para uso exclusivo do seu persoal ou clientes, por praza, cunha cota mínima de 50 eu/ano	11,17
• Reserva de espazos ou prohibición de estacionamento na vía pública por ml.	18,70
<i>Nos barrios de Canedo, San Vicente, A Freixa e As Cachadas, reducirase un 20% a tarifa vivendas unifamiliares. No extrarradio e parroquias, reducirase un 40% a tarifa vivendas unifamiliares</i>	

O que se fai público para xeral coñecemento.

Asemesmo a Corporación Municipal en sesión do 16-09-14 acordou:

– Aprobar provisionalmente a modificación do artigo 2, no seu punto 3, da Ordenanza reguladora da taxa por entrada de vehículos a través de beirarrúas e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercaderías da calquera clase, quedando redactado da seguinte maneira:

“3.–As pracas serán facilitadas polo Concello na forma que se determine, debendo abonar o interesado a taxa aprobada polo Concello ao efecto fixada nesta ordenanza”;

– Aprobar provisionalmente a modificación que como texto íntegro para o Anexo-Tarifas da ordenanza reguladora da taxa por entrada de vehículos a través de beirarrúas e reservas da vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercaderías da calquera clase, se recolle no acordo do Pleno do 16-9-14 e que inclúe, entre outros aspectos, un sistema de tramos.

Os anteriores acordos de aprobación provisional sométense a exposición pública para os efectos de reclamacións, polo prazo de 30 días hábiles. No suposto de non formularse reclamacións quedarán elevados a definitivos os acordos ata entón provisionais, debendo publicarse o seu texto íntegro no BOP aos efectos da súa entrada en vigor.

Os expedientes estarán a disposición dos interesados na Intervención Municipal.

Ponteareas, 24 de setembro de 2014.—O Alcalde, Salvador González Solla.

2014008224